



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

Expediente nº 2019/E001/000002

DECRETO DA CONCELEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante a Resolución nº 778/2019, do 13 de maio (BOP nº 93, do 20 de maio), efectuouse a convocatoria e foron aprobadas as bases do proceso selectivo de persoal funcionario interino do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais (PEL concellos 2019), no marco do programa temporal de actuación intensiva en determinados servizos municipais (3ª fase), aprobado polo Decreto 682/2019, do 29 de abril (expediente 2019/X999/001293).

O obxecto da convocatoria era a selección de nove (9) peóns, tres (3) limpadores/as e dous (2) tractoristas, aínda que respecto destes últimos solicitouse da Deputación Provincial -administración que concedeu a subvención- a súa substitución por dous peóns a maiores, estando pendente de resolución a citada petición.

Por iso, resulta preciso ditar unha primeira resolución acordando o nomeamento interino do persoal seleccionado proposto polo órgano de selección, tendo en conta que dentro dos nove primeiros aspirantes seleccionados para peón figuran os dous de tractoristas. Por esta razón, procédese a nomear, polo de agora, a sete (7) peóns e tres (3) limpadores/as.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A atribución para ditar a presente resolución correspóndelle inicialmente á Alcaldía, a teor do disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). Porén, tal competencia foi delegada na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego a través do Decreto 993/2019, do 24 de xuño (BOP nº 121, do 28 de xuño).

En virtude de todo o exposto, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Nomear coa condición de persoal funcionario interino por programa, a tempo paracial (25 horas semanais, que se corresponden ao 67% de xornada) e por un período de catro (4) meses, ás seguintes persoas aspirantes propostas polo Tribunal seleccionador:

a) PEÓNS:

Apelidos e nome	DNI
- Jarel Vilasuso, Ángel	**693****
- Tojeiro Pita, David	**408****
- Rivera Piñón, Juan Manuel	**668****
- López Galego, José Manuel	**665****
- Formoso Barro, Artemio Segundo	**411****
- Feal Allegue, José Manuel	**407****
- Fernández Franco, Ubaldo	**336****



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

b) LIMPADORAS:

Apelidos e nome	DNI
- Soto Soto, María Emma	**647****
- López Bermúdez, Ana Belén	**417****
- Corral Ferro, María Dolores	**408****

2. Expedir as correspondentes actas de toma de posesión.

3. Dar de alta en nómina e na Seguridade Social ao dito persoal

As Pontes de García Rodríguez, na data á marxe consignada

FIRMADO POR ANA MARIA PENA PURRIÑOS (FECHA: 08/07/2019 10:42:00)

(FECHA: 08/07/2019 10:38:00) , Marina Núñez Orjales

Decreto N.º: 1068/2019 - Fecha de decreto: 08/07/2019
Versión imprimible

CVD: +zARZuOFh/iZJf/Fqg64
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.